

# Seguro Fogar

## Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA Allianz Seguros y Reaseguros, S.A., con domicilio social en España  
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Seguro Vivenda BBVA Allianz

A información precontractual e contractual completa do produto proporciónase noutros documentos.

### En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro destinado a cubrir os danos que poida sufrir a túa vivenda e os bens que conteña como consecuencia dun evento cuberto polo contrato, así como, ao ser o propietario, os danos que lles ocasione a túa vivenda a terceiras persoas, conforme o establecido no teu contrato.

O seguro dispón de cinco modalidades de contratación: Esencial, Máis, Seguridade, Máis Seguridade e Cobertura Total. A suma asegurada será a que conste nas condicións particulares do teu contrato.



### Que se asegura?

- ✓ **Inmable asegurado**  
Construción principal (cimentos e muros, terrazas, pisos, vigas e piares, paredes, teitos e chans, tellados e fachadas, portas e fiestras), garaxe, sala de almacenamento, piscina, anexos, paredes exteriores e instalacións fixas.
- ✓ **Mobiliario e obxectos asegurados**  
Mobles, mobiliario de cociña e mesados, electrodomésticos, útiles domésticos de uso persoal, roupa, diñeiro, xoias, coleccións, comida e provisións que estean dentro do inmable asegurado, que sexan da túa propiedade ou de quen conviva contigo.

### PAQUETES DE COBERTURAS

- ✓ **Protección básica e responsabilidade civil**  
Incendio, explosión, caída de raio e fume. Inundación, danos por líquidos, por auga, chuvía, vento, pedrazo e exceso de neve acumulada. Restauración estética. Gastos de desentullo, salvamento e taxa de bombeiros. Vivenda substitución (habitual) e reembolso alugamentos. Danos causados por roubo ao inmable asegurado e responsabilidade civil extracontractual.
- ✓ **Roturas, danos eléctricos e bens refrixerados**  
Rotura de cristais, vidros, mármoreos ou similares, placa vitrocerámica e louza sanitaria. Danos causados pola electricidade. Danos a alimentos, medicinas ou fármacos que teñas na neveira ou no conxelador do teu inmable asegurado, causados por unha avaría do aparato ou fallo da subministración eléctrica.
- ✓ **Protección ampliada e roubo**  
Roubo no interior do inmable asegurado e atraco fóra da vivenda.  
  
Indemnización do importe subtraído se che rouban ou perdes as túas tarxetas de crédito. Danos aos bens que teñas dentro da túa vivenda se te rouban ou te intentan roubar. Reposición documentos particulares (DNI, carné de conducir...). Gastos pola substitución da pechadura se che quitan as chaves. Danos por actos vandálicos aos bens asegurados.

- ✓ **Ampliacións alto valor**  
Todo risco accidental (cobre calquera dano dos teus bens asegurados, por calquera causa de forma espontánea e allea á túa vontade, tales como raspaduras, rabuñaduras, descascado en mobles). Roubo sen violencia fóra da vivenda. Gastos pola substitución da pechadura se perdes as chaves. Infidelidade dos teus empregados. Danos dos teus bens asegurados durante o seu traslado e/ou estancia ata tres meses fóra da túa vivenda habitual. Garantía especial de danos (cobre, por exemplo, elementos que estean en mal estado de conservación, os cales orixinasen o dano). Asistencia extraordinaria (límite adicional se utilizas os servizos da propia compañía).

### MODALIDADE DE CONTRATACIÓN DISPOÑIBLE

- ✓ **Esencial**  
Inclúe protección básica e responsabilidade civil.
- ✓ **Máis**  
Inclúe protección básica e responsabilidade civil. Roturas, danos eléctricos e bens refrixerados.
- ✓ **Seguridade**  
Inclúe protección básica e responsabilidade civil. Protección ampliada e roubo.
- ✓ **Máis Seguridade**  
Inclúe protección básica e responsabilidade civil. Roturas, danos eléctricos e bens refrixerados. Protección ampliada e roubo.
- ✓ **Cobertura Total**  
Inclúe ampliacións alto valor e só a podes contratar se inclúes no contrato todos os paquetes de coberturas. Inclúe tamén o servizo rápido.

### ASISTENCIA E SERVIZOS ADICIONAIS INCLUIDOS

- ✓ **Asistencia na vivenda**  
Rede de asistencia á túa disposición 24 horas ao día.
- ✓ **Servizo reparación**  
Axuda dun profesional para realizar pequenas tarefas de bricolaxe doméstica.

# Seguro Fogar

## Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA Allianz Seguros y Reaseguros, S.A., con domicilio social en España  
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Seguro Vivenda BBVA Allianz

- ✓ **Servizo asistencia informática**  
Asistencia en liña e/ou a domicilio de axuda e soporte informático, que inclúe varios servizos.
- ✓ **Servizo mantemento por uso e deterioración**  
Mantemento e pequenos arranxos na vivenda.
- ✓ **Servizo defensa xurídica**  
Protección legal para ti e a túa familia (como consumidores, pais de menores, dereitos vivenda habitual, ocupación ilegal, defensa laboral, contratos de servizos, subministracións...).

### SERVIZOS OPCIONAIS

- ✓ **Servizo reparación liña branca**  
Servizo de asistencia, reparación avarías, substitución de pezas orixinais ou indemnización da lavadora, lavalouza e/ou neveira/combi asegurados.
- ✓ **Servizo rápido**  
Compromiso de mellora nos prazos de atención dun dano cuberto polo contrato.



### Que non está asegurado?

Resumimos as principais exclusións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ✗ Vivendas fabricadas de madeira: aquela que ten columnas, vigas, muros de carga e demais elementos portantes e de peche, ou só os de peche, maioritariamente de madeira.
- ✗ Vivendas en multipropiedade.
- ✗ Vivendas deshabitadas máis de 12 meses consecutivos.
- ✗ Vivendas nas que se desenvolva unha actividade profesional ou comercial.
- ✗ No *servizo rápido*, o compromiso non será aplicable nas situacións de forza maior, nas catástrofes ou nos cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros, nin nas prestacións do resto dos servizos adicionais.

- ✗ A *responsabilidade civil* de toda actividade profesional ou empresarial e fóra de obriga contractual.
- ✗ No *servizo reparación*, os traballos non descritos no devandito servizo, os que non se realicen na vivenda asegurada, os danos consecuencia dun incidente, tanto cuberto coma non cuberto polo contrato, e os traballos que requiran medios especiais para a súa realización como arneses, estadas ou similar.
- ✗ Danos que teñan a súa orixe na infracción ou incumprimento voluntario das normas que rexen as actividades aseguradas, nin os ocasionados por actos dolosos ou por negligencia grave do asegurado.
- ✗ Aqueles danos que non consten expresamente como cubertos no contrato.
- ✗ Calquera dano cuberto polo Consorcio de Compensación de Seguros.
- ✗ Vivendas situadas fóra do territorio español.



### Existen restricións no que respecta á cobertura?

Resumimos as principais restricións. Tes a súa totalidade á túa disposición na nota informativa e nas condicións xerais.

- ! Non están cubertos os danos provocados polo vento cando a velocidade sexa inferior a 70 quilómetros/hora.
- ! Non están cubertos os danos provocados pola chuva cando non chova máis de 40 litros/m<sup>2</sup> e hora.
- ! Se a túa vivenda asegurada non é a habitual:
  - O capital máximo cuberto para os bens especiais (xoias superiores a 3.000 EUR, coleccións, xogos...) é de 6.000 EUR.
  - Non se che cobre o atraco fóra da túa vivenda nin tampouco o roubo sen forza, aínda que contrates a modalidade de Cobertura Total.

- ! Se es o propietario da vivenda asegurada e está alugada, a garantía de *responsabilidade civil* só che cubrirá os danos ocasionados a terceiros, como propietario da devandita vivenda.
- ! Se aseguras o *mobiliario e bens asegurados*, considéranse tamén aseguradas (coma se foses ti) as persoas que conviven habitualmente contigo.
- ! Se aseguras o *mobiliario e bens asegurados*, estará cuberto o dano que lles ocasione o teu animal a terceiros, sempre que estea baixo a túa custodia, cumpra as disposicións das administracións públicas e non o utilices en actividades empresariais e/ou profesionais.
- ! *Responsabilidade civil*. As accións que deriven por danos cubertos durante a vixencia do contrato prescribirán aos dous anos de que sucedan. O capital máximo asegurado é de 250.000 EUR e, se contratas Cobertura Total, é de 500.000 EUR.

# Seguro Fogar

## Documento de información sobre o produto de seguro

BBVA Allianz Seguros y Reaseguros, S.A., con domicilio social en España  
(clave DGSFP C-0807)

Produto: Seguro Vivenda BBVA Allianz

- ! Os gastos de restauración estética están cubertos, co límite detallado na modalidade que contratases, sempre e cando a composición estética non estivese danada antes de que sucedese o incidente cuberto.
- ! O límite de tempo para declarar que utilizaron a túa tarxeta de crédito, despois do seu roubo ou extravío, son 24 horas e o límite máximo de indemnización son 300 EUR.
- ! Cubrímosche, cun límite de 3 horas, o desprazamento e man de obra por asistencia de urxencia (cerrallería e electricidade) e, cun límite de 48 horas, a necesidade de persoal de seguridade, debido a un dano non cuberto.

- ! Asistencia xurídica. As garantías relativas a materia contractual teñen un período de 3 meses no que aínda non se pode gozar da cobertura e de 6 meses para ocupación ilegal.
- ! Límite de 7 días consecutivos desde a data dun feito cuberto no contrato para a estancia en hotel ou similar (MÁX. 1.500 EUR - 100 EUR día por persoa), así como os gastos de alimentación e lavandería, para ti e a túa familia (MÁX. 1.000 EUR - 30 EUR día por persoa).
- ! Os límites da *defensa xurídica* son de: 100 %/libre disposición de avogado: 6.000 EUR/mínimo litixioso: 250 EUR.



### Onde estou cuberto?

- ✓ Danos materiais, en España.
- ✓ Responsabilidade civil: A cobertura é válida en todo o mundo, sempre que as reclamacións se formulen de acordo coa lexislación e tribunais españois. O pagamento ten que ser en euros e en España.



### Cales son as miñas obrigas?

- Pagar o seguro.
- Indicar correctamente as características e superficie construída do inmovible.
- Comprobar que os capitais do mobiliario e obxectos asegurados que constan no contrato son os correctos.
- Comunicar a BBVA Allianz Seguros o antes posible se vas cambiar de vivenda e/ou se é necesario modificar os capitais do mobiliario e obxectos asegurados. Observación: Se vendes o inmovible asegurado, primeiro debes de informar da existencia do seguro ao comprador e despois a BBVA Allianz Seguros, no prazo de 15 días.
- Se se produce algún dano, débello comunicar a BBVA Allianz Seguros nun prazo máximo de sete días desde que suceda e empregar os medios ao teu alcance para diminuír as súas consecuencias.



### Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

O cargo do recibo realizarase a partir da data inicial do seguro a través de domiciliación bancaria, coa forma de pagamento que escollas: anual, semestral ou trimestral.



### Cando comeza e finaliza a cobertura?

O contrato é de duración anual. Entra en vigor desde a data de inicio ata a de finalización indicada nas condicións particulares. Despois irase renovando cada ano de forma automática.



### Como podo rescindir o contrato?

Telo que solicitar por escrito, anexar a fotocopia do teu DNI ou documento equivalente acreditativo da túa identidade e dirixilo a BBVA Allianz Seguros ao domicilio que figura nas condicións xerais (Calle Ramírez de Arellano, 35 28043 Madrid), a través de calquera das oficinas do Grupo BBVA ou ao enderezo de correo electrónico [seguros@bbvaallianz.es](mailto:seguros@bbvaallianz.es), un mes antes da data de finalización e/ou renovación anual do contrato.

Se é por venda da túa vivenda, pódello solicitar en calquera momento e neste caso devolvémosche o diñeiro da parte proporcional do recibo pagado.